

XABIER PUENTE DOCAMPO ESCRITOR

► Xabier Puente Docampo recibe hoxe en Castro de Ribeiras de Lea, un dos espazos da súa infancia, unha homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), na que haberá distintos actos como ponencias ou a plantación dunha cerdeira.

«Son escritor porque me alimentei de historias, do amor por contar»

POR: **MARÍA L. VIÑAS**
FOTO: **DNL**
mllopezv@elprogreso.es

DOCAMPO reconece que cos anos perdeu a capacidade de sorpresa, de emocionarse, aínda que «cada vez pinga máis nos actos como este; será o de ir vello», di entre risos. Hoxe recibe a homenaxe da AELG en Castro de Ribeiras de Lea, nun día en que estará rodeado de compañeiros de oficio e moitos amigos. Un día para retomar as emocións.

Como recibe esta homenaxe?

Como se reciben todas estas cousas, con humildade, posto que todo isto ten máis que ver coa xenerosidade dos que o fan que cos propios méritos.

Pero que é o que máis lle gusta?

O que máis me gusta é que sexa en Castro, sen dúbida algunha, por riba de calquera outra cousa. Porque en Castro está a miña primeira infancia, onde se formou o que eu son, os primeiros anos de vida, os recordos dos meus pais...

De feito ten preparados uns contos para o acto nos que reivindicamos o rural e non sei se lembra eses anos de cativo.

Os contos teñen que ver co tema da infancia, onde estiven recibindo precisamente ese estímulo do mundo que era daquela, do rural. Cando vivía en Castro ou cando estaba en Feira do Monte... Tampouco era moi distinto de cando estaba en Lugo, onde tamén vivín e me sinto plenamente feliz cada vez que vou. É unha cidade que eu amo profundamente.

Na súa casa houbo unha grande tradición oral. Ten falado dos contos da súa nai, do seu pai. Como influíron para que se fixese escritor?

Probablemente eu son escritor por iso, porque me alimentei de historias, de forma de contar, do amor por contar, da oralidade, pola palabra, pola historia ben contada. Eu recordo oír a xente dicir: «Ai, quen conta ben iso é Raimundo». E o meu pai contaba a mesma historia, que era distinta. Que iso probablemente me deu o amor pola palabra.

Tamén ten dito que as dúas patrias do home son a infancia e a palabra.

A infancia díxoo Rilke e a palabra, Pessoa. E teñen toda a razón ambos. Aínda que é a mesma cousa. A infancia é a entrada ao mundo da palabra. A palabra é o que nos fixo humanos e a infancia é un ca-



Xabier Puente Docampo.

Os rapaces teñen na lectura unha grande posibilidade de construírse a si mesmos, de formarse como persoas»

miño cara ser conscientes da nosa humanidade. Por tanto son máis ou menos a mesma cousa.

Que ten de especial A Terra Chá para que dela saian tan bos escritores. Que lles dan?

Será a pataca cazona, a pataca típica da Terra Chá, porque non atopo ningunha diferenza co resto de Galicia. É totalmente inaplicable. Non sei se lle encontras algunha explicación pero eu non lla encontro (risos).

Manuel Bragado chamounos (xunto con Paco Martín e Agustín Fernández Paz) a Xeración Lamote. Si, iso é un orgullo polo moito

carinho e admiración que eu teño por Paco e Agustín. Síntome moi honrado. O outro día en San Simón, nos premios Xerais, volví a saír o tema. E eu estaba feliz ao lado deses grandes escritores, que ademais son dous irmáns. Ademais, Paco e máis eu temos unha dose especial de retransmisión e non me atrevo a dicir cal é peor.

Volviendo ao da infancia, que referentes hai ás súas lecturas de neno no seu último libro, 'A illa de todas as illas'?

O meu descubrimento da palabra escrita, da lectura, é o descubrimento dun exemplar de 'A illa do tesouro'. Eu antes lera algunha cousa, pero cando verdadeiramente empezo a entender o que é a lectura, a entender de que os libros falan de min, de que ler é saber máis de min é con 'A illa do tesouro'. Para min era un vello desexo facer un tributo a 'A illa do

tesouro'. E que cando me preguntan de que trata o libro eu digo que trata da lectura, ler é algo...

Ler paga a pena por...

Jo. Ler paga a pena por moitas cousas! Primeiro, paga a pena porque non só che di como é o mundo senón que tamén che di como é ti. Con iso xa sería máis que suficiente. Pero ademais ensancha o mundo, faite chegar a onde nunca imaxinaches, ponte en contacto con xente... Por tanto, ler é abrir os ollos ao mundo de verdade, ao mundo enteiro. Ler é unha das actividades máis gratificantes que existen.

E iso que xa non chora nin ri cos libros.

Claro, porque pouco a pouco vaixe deixando menos espazo ás emocións.

E iso que é, facerse maior?

Facerte maior é saber que toda a maldade é posible, que todo o sufrimento é posible, por tanto xa os contemplos non con choro, con conmiseración. Ou igual un xa chorou todas as bágoas cos libros e as películas. Que non quere dicir que non se che poña un nó no medio do peito.

Como é o seu contacto cos rapaces, agora que non é docente?

Eu teño un contacto moi frecuente cos rapaces, porque visito moitos centros de ensino. Que ocorre? Que agora teño un contacto máis libre, menos cheo de responsabilidade, ao mellor xa lles podo dicir as verdades do barqueiro.

E cales son?

Que o mundo é moi difícil, que a metade das cousas que van aprender na escola non lles serven para nada, que o que é realmente importante é aquilo que encha o teu corazón, e que tanto ten que sexa útil ou non no sentido mercantil, que o verdadeiramente importante é o que che faga feliz.

Cre que lle fan caso?

Nunca me fixeron caso! (risos).

Non sería así...

Pero iso non é malo. Que poñan en dúbida todo canto lles dicimos iso e bó, é magnífico. Canto máis dubiden, máis posibilidades teñen de construírse a si mesmos. Coa lectura, os rapaces teñen unha grande posibilidade de construírse a si mesmos. Porque a lectura, especialmente a lectura escolar, ten que ser precisamente iso, un camiño de formación. No caso da escola, formación literaria, pero tamén da súa formación como persoas.

Oficio

«O maior compromiso dun autor é coa literatura, coa lingua e o país»

Que papel debe xogar o docente como mediador entre os libros e os rapaces?

Primeiro, só pode seleccionar aquilo que é literariamente bo, porque a lectura é o camiño de formación do lector. Ten que deixar á marxe toda unha serie de obras que teñen o favor do comprador, que se venden moito, pero que non conteñen un só gramo de literatura. E despois teñen que ser grandes lectores. Non poden poñer diante dos rapaces unha obra que non lisen, que non coñezan perfectamente, e que incluso non coñezan máis obras dese autor.

Se valora máis o pedagógico que o literario?

Se non é literario, pedagoxicamente non vale para nada. Pero ao mellor considérase pedagógico o que adotrinante, ben intencionado. Eu creo que non vale nin para iso de pasar o tempo, porque ao final o debe ter a sensación terrible de estar perdendo o tempo. E a vida é moi curta para perder o tempo.

Vostede non o perde. Ademais de ler e escribir, é actor, guionista de televisión, contacontos...

Pero se te fixas sempre estou contando historias. Son distintos camiños, pero sempre estou contando unha historia, porque é o que me gusta. E vou moi amodiño en todo, porque me gusta facelo ben. Hai que preocuparse e aínda así despois dis «ai!».

Reescribiría algún dos seus libros?

Estou reescribindo 'A chave das noces' e teño sentimentos tremendamente contraditorios. Por unha parte penso: «Pois non está tan mal, escribía mellor antes que agora», e ao mesmo tempo digo: «Ahhh. Isto está quedando mellor». Pero escribir é reescribir.

O gusto se pode educar?

Home claro. Ler éche como comer, alimentarse. Cando eres neno se te deixaran non comerías máis que lambetadas. E cando te vas facendo máis home, máis muller pois non é só que non saibas que as lambetadas non son un alimento correcto, senón que cada vez apétécenche menos tamén.

Cal é o maior compromiso dun escritor?

Coa literatura. E se ten un gran compromiso coa literatura, ten un gran compromiso co seu país, coa súa lingua, cos seus concidadáns. Iso arrastra todos os compromisos humanos nobres que existen.